

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11114P	<i>Expediente</i> CON/4/2017	<i>Fecha</i> 16-06-17 10:23

Número 7 .- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ao drogodependente (UMAD).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de xuño de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 7 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE RELATIVA AO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS DA UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN AO DROGODEPENDENTE (UMAD).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 24 de maio de 2017, da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/428 de data 13.6.17; coa observación de que existe un erro na aplicación orzamentaria que figura na proposta e que debe subsanarse pola correcta reflectida no dito informe.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Concepción Fernández Fernández, concelleira delegada de políticas sociais, diversidade e saúde, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD), conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11114P	<i>Expediente</i> CON/4/2017	<i>Fecha</i> 16-06-17 10:23

Primeiro: Con data 11 de maio de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL.

Segundo: Con data 24 de maio, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa SEGURSYSTEM EUROPA, que incumpre o taxativo requirimento do prego recollido no seu apartado 13.3 que obriga a aportar un programa técnico de prestación do servizo e un estudio económico detallado. Como alí se sinala expresamente "a non presentación desta documentación... será causa de exclusión da licitación".

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL (CIF: B15639453), por un importe de 37.271,92 euros/ano (IVE aparte 21%: 7.827,10 euros/ano), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora- responsable do contrato a Dna. María Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área de benestar social.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 140 23101 22701, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 26.300 euros.
Anualidade 2018: 45.099'02 euros.
Anualidade 2019: 45.099'02 euros
Anualidade 2020: 18.799'02 euros."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11114P	<i>Expediente</i> CON/4/2017	<i>Fecha</i> 16-06-17 10:23

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa SEGURSYSTEM EUROPA, que incumpre o taxativo requirimento do prego recollido no seu apartado 13.3 que obriga a aportar un programa técnico de prestación do servizo e un estudio económico detallado. Como alí se sinala expresamente "a non presentación desta documentación... será causa de exclusión da licitación".

Segundo: Adxudicar o contrato de "Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD)", a favor da empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL (CIF: B15639453), por un importe de 37.271,92 euros/ano, (IVE aparte 21%: 7.827,10 euros/ano), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnica municipal directora-responsable do contrato a Dna. María Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da área de benestar social.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 020 23101 22701, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 26.300 euros.
Anualidade 2018: 45.099'02 euros.
Anualidade 2019: 45.099'02 euros
Anualidade 2020: 18.799'02 euros.

A CONCELLEIRA SECRETARÍA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: María Rozas Pérez

